

Inserir contido en Drupal ou en calquera outro CMS ou espazo WEB.

Empregaremos o seguinte código:

```
<div align="center"> <iframe src="http://localhost/drupal/files/colorear.htm" frameborder="0" width="800" height="600" scrolling="auto"></iframe></div>
```

Nótese que no noso exemplo a actividade de Ardora chámase colorear.htm

Importante:

1º-A dirección http vai depender sempre da URL do noso centro ou espazo Web; normalmente no caso dun centro educativo aloxado na Consellería será algo do tipo:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdemarras/files/actividade.htm>

2º-O ancho (**width**) e alto (**height**) da ventana da actividade vai depender do tamaño co que fixemos a actividade con Ardora

Procedemento para inserir a actividade colorear.htm feita con Ardora en Drupal

- Abrimos o noso espazo Web (drupal) escribindo a nosa clave de usuario



- Vamos á ruta

Administrar>Crear contido>Páxina

Eliximos un **Título**, a **Categoría** na que imos publicar o contido e no **Corpo** o texto que desexemos mostrar explicando á actividade

Inicio » Crear contido
Enviar Páxina
Título: *

Contido con activdade Ardora


▼ **Categorías**

Profesorado:
- None selected -

Departamentos:
- None selected -

Actividades:
- 1º Curso -

Corpo:



Actividade para colorear libremente coas cores propostas

- Adxuntamos os arquivo da activdade Ardora á páxina. A opción de arquivos adxunto atópase ao fondo. Temos que adxuntar dous arquivos:
colorear.htm
colorear.jar

▼ **Ficheiros adxuntos**

Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes ata que c
nas orixes RSS.

Adxuntar un novo ficheiro:

- Vexamos como quedarían os dous arquivos adxuntos

▼ **Ficheiros adxuntos**

Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes ata que garda o envío. O primei
nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	colorear.htm http://centros.edu.xunta.es/ceipdemarras/files/colorear.htm	1 byte
<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	colorear.jar http://centros.edu.xunta.es/ceipdemarras/files/colorear.jar	20.17 KB

Adxuntar un novo ficheiro:

- Agora temos que inserir o código <iframe> no **corpo** da páxina
Supoñamos que a URL do noso centro é :


<http://centros.edu.xunta.es/centrodemarras>

Supoñamos tamén que a actividade a inserir se chama colorear.htm

Entón o código <iframe> sera:

```
<div align="center"> <iframe src= "http://centros.edu.xunta.es/centrodemarras/files/colorear.htm"  
frameborder="0" width="800" height="600" scrolling="auto"></iframe></div>
```


Ese código temos que inserilo no corpo da páxina de Drupal, pero como código, polo que temos que desactivar o texto rico.



- Agora co texto rico desactivado, escribimos o código e finalizamos activando novamente o texto rico.



- Comprobaremos que xa se pode ver a actividade inserida na páxina.



- Remataremos enviando



Nota:

Os arquivos da actividade de Ardora (*colorear.htm* e *colorear.jar*) subíronse ao espazo web gracias á posibilidade que nos brinda **Drupal** para adxuntar arquivos, pero tamén se poderán subir mediante **FTP** á carpeta **files** ou a calquera outra, sempre e cando logo poñamos correctamente a URL no código `<iframe>`